

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019. Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase a referenciada acta por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**-----

Neste momento, sendo as nove horas e trinta e sete minutos, incorporouse á sesión á Sra. Martínez Santos.

2º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS. O Sr. **Secretario** deu lectura aos escritos de constitución e composición dos grupos municipais, quedando a Corporación Municipal de Sanxenxo estruturada nos seguintes grupos políticos municipais:

**** GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: D. Telmo Martín González, D. Juan Antonio Deza Otero, Dª Mª Paz Lago Martínez, D. Daniel Arosa Dasilva, Dª María Deza Martínez, D. Marcos Guisasola Padín, Dª Flavia Besada Otero, D. Oscar Vilar Sartages, D. Jaime Leiro Otero e Dª Paula Martínez Santos.**

**** GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE: Dª Ainhoa Fervenza Celestino (voceira), Dª Marta Caneda Prieto (voceira suplente) e D. Fernando Otero Montes (voceiro suplente).**

**** GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: Dª Sandra Fernández Agraso (voceira) e Dª Andrea Ucha Bouzada (voceira suplente).**

**** GRUPO MUNICIPAL MIXTO: Dª Vanessa Rodríguez Búa e D. Jesús Joaquin Sueiro Méndez.** Na portavocía se irá producindo unha alternancia no cargo, de forma que cada dous meses irá cambiando, comezando por ocupar o posto a Sra. Rodríguez Búa e o Sr. Sueiro Méndez (suplente) dende a constitución do grupo municipal ata o 01 de setembro, momento no que o Sr. Sueiro Méndez asumirá a portavocía e a Sra. Rodríguez Búa pasará a ser suplente ata o 01 de novembro seguinte, e así sucesivamente.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da constitución dos grupos políticos municipais anteriormente transcritos.-----

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 18 DE XUÑO DE 2019 RELATIVO Á CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL; NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE; DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL; DELEGACIÓNS EN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E CONCELLEIROS/AS. O Sr. **Secretario** deu lectura ao seguinte decreto da **Alcaldía**:

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear **membros da Xunta de Goberno Local** aos seguintes concelleiros/as:

- **MARÍA DEZA MARTÍNEZ.**
- **MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.**
- **MARCOS GUIASOLA PADÍN.**
- **JUAN ANTONIO DEZA OTERO.**

SEGUNDO: a **Xunta de Goberno Local** realizará sesión ordinaria os **venres**, con **periodicidade quincenal**, ás **09:00 horas**.

TERCEIRO: nomear **Tenentes de Alcalde do Concello de Sanxenxo** aos seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1º Tenente de alcalde: Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ.**
- 2º Tenente de alcalde: D. JUAN ANTONIO DEZA OTERO.**
- 3º Tenente de alcalde: Dª MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.**
- 4º Tenente de alcalde: D. MARCOS GUIASOLA PADÍN.**

CUARTO: delegar na **Xunta de Goberno Local** as seguintes atribucións sen prexuízo de asumilas directamente en calquera momento:

a) Resolución solicitudes de autorizacións e renovacións de postos de venda ambulante en mercadillos.

b) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

QUINTO: delegar en favor dos **tenentes de alcalde**, membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se citan, as atribucións da alcaldía nas seguintes áreas:

- **Dª MARÍA DEZA MARTÍNEZ: planificación territorial e infraestruturas.**
- **D. JUAN ANTONIO DEZA OTERO: medio ambiente.**
- **Dª MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ: educación e cultura.**
- **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN: economía e persoal.**

SEXTO: realizar en favor dos **concelleiros/as** que a continuación se citan as **delegacións especiais** respecto das atribucións da alcaldía nas seguintes materias:

- Dª FLAVIA BESADA OTERO: urbanismo** (agás a xestión do PXOM que lle corresponde á concellería de planificación territorial e infraestruturas).
- D. OSCAR VILAR SARTAGES: obras e servizos.**
- D. DANIEL AROSA DASILVA: servizos sociais, deportes e xuventude.**
- D. JAIME LEIRO OTERO: tráfico e seguridade cidadá.**
- Dª PAULA MARTÍNEZ SANTOS: facenda.**

SÉTIMO: delegar en favor da **1ª tenente de alcalde, Dª María Deza Martínez**, a sinatura dos vistos e prace á sinatura do secretario nas certificacións de empadramento e dos datos dos padróns municipais de IBI, Urbana-Rústica, IAE, IVTM e taxas municipais, sen prexuízo de asumila directamente en calquera momento.

OITAVO: estas delegacións non inclúen a facultade de ditar actos administrativos e, a alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

NOVENO: estas delegacións requiren para a súa efectividade a aceptación por parte dos seus destinatarios, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fixera constar expresamente ante a alcaldía a non aceptación da delegación.

DÉCIMO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura”.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado da resolución da **Alcaldía** anteriormente transcrita.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 18 DE XUÑO DE 2019 SOBRE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO OA “TERRA DE SANXENXO”. O Sr. **Secretario** deu lectura ao seguinte **decreto** da **Alcaldía**:

“O artigo 7.2 parágrafo 1º dos estatutos aprobados en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2004 e publicados no BOP de 4 de maio de 2004, dispón que:

““O Consello de Administración estará integrado por un Presidente, que será o Sr. Alcalde e os concelleiros delegados de facenda, turismo, educación, cultura, deporte, medio ambiente e servizos sociais, todos eles designados pola Alcaldía.””

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **resolve**:

PRIMEIRO: designar como membros do **Consello de Administración do O. A. “Terra de Sanxenxo”** aos seguintes concelleiros:

- **Dª PAULA MARTÍNEZ SANTOS**, concelleira de facenda.
- **Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ**, concelleira de educación e cultura.
- **D. JUAN ANTONIO DEZA OTERO**: concelleiro de medio ambiente.
- **D. DANIEL AROSA DASILVA**: concelleiro de servizos sociais, deportes e xuventude.

Deste xeito, o consello de administración quedará constituído polos membros anteriormente citados baixo a presidencia desta alcaldía, non facéndose uso por parte desta alcaldía da posibilidade de nomeamento de máis membros prevista no art. 7.2. parágrafo 2º dos devanditos estatutos.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que realice e notifíquese aos interesados/as.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado do **decreto da Alcaldía** anteriormente transcrito.-----

5º) DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO DE SANXENXO NA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. O Sr. **Presidente** explicou que a Mancomunidade do Salnés a formaban 9 concellos e que a Xunta tiña 27 membros, que serán os 9 alcaldes e 2 concelleiros/as por cada un dos concellos.

O **Sr. Secretario** informou que o artigo 4.1 dos estatutos da Mancomunidade sinalaba que os dous representantes elixiríanse nunha única votación, votando cada concelleiro a un só candidato, redacción que impediría, no caso de empate, a repetición da votación, polo que non podería aplicarse neste suposto a regra do voto de calidade, que esixe a repetición da votación.

A continuación o **Sr. Presidente** preguntou aos concelleiros/as, quen se postulaba como candidato/a a elección dos representantes do Concello de Sanxenxo na Mancomunidade do Salnés.

Anunciaron a súa candidatura **D^a Ainhoa Ferverza Celestino, D^a Flavia Besada Otero e D. Marcos Guisasola Padín.**

De seguido procedeuse á votación, alcanzándose o seguinte resultado:

-A favor de D^a Ainhoa Ferverza Celestino: 5 votos (Sra. Ferverza Celestino, Sra. Caneda Prieto e Sr. Otero Montes do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Sra. Fernández Agraso e Sra. Ucha Bouzada do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

-A favor de D^a Flavia Besada Otero: 6 votos (Sra. Besada Otero, Sra. Deza Martínez, Sr. Vilar Sartages, Sr. Leiro Otero, Sr. Guisasola Padín e Sr. Arosa Dasilva do Grupo Municipal do Partido Popular).

-A favor de D. Marcos Guisasola Padín: 5 votos (Sr. Martín González, Sra. Lago Martínez, Sr. Deza Martínez, Sra. Martínez Santos do Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Sueiro Méndez, do Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 1 voto (Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, á parte do **Sr. Alcalde, D. Telmo Martín González, resulta elixido representante do Concello de Sanxenxo na Xunta da Mancomunidade do Salnés, D^a Flavia Besada Otero**, dado que na única votación, tal como esixe o artigo 4 dos estatutos da Mancomunidade do Salnés, os 2 outros candidatos ao nomeamento do representante restante, obtiveron un empate a votos, sen que nos propios estatutos se determine o método para desfacer devandito empate.

Neste momento entrevistou o **Sr. Presidente** para facer constar que se reflecta na acta o sentido do seu voto, por se foso necesario no caso de acudir a un procedemento contencioso, contestando en sentido positivo o Sr. Secretario.-----

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN. O **Sr. Secretario** deu lectura á seguinte **proposta da Alcaldía:**

“De acordo co disposto no artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia en relación á periodicidade das sesións do Concello Pleno en relación co artigo 38.a) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

acordo:

ÚNICO: as **sesións ordinarias** do **Concello Pleno** realizaranse o **último luns** dos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro** ás **vinte horas.**”

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que se debería manter as 20:30 horas como horario de celebración das sesións ordinarias, para posibilitar a conciliación do traballo coa asistencia ao Pleno, precisando o **Sr. Presidente** que o cambio viña motivado para evitar distinguir entre horario de inverno e verán, ao que replicou a anterior concelleira interveniente, que nunca se distinguíu a hora de celebración de sesións ao longo do ano, engadindo o **Sr. Presidente** que non existían ningún problema en modificala proposta, no sentido de que o horario da celebración de sesións ordinarias manteríase nas 20:30 horas.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación coa modificación da hora sinalada, na que, **por unanimidade, resultou aprobada adoptándose o seguinte acordo:**

ÚNICO: as **sesións ordinarias** do **Concello Pleno** realizaranse o **último luns** dos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro** ás **vinte horas e trinta minutos.**” -----

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. O **Sr. Secretario** dá lectura á seguinte **proposta da Alcaldía:**

“Considerando adecuada a existencia de tres comisións informativas, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Crear as Comisións Informativas Permanentes que se relacionan a continuación, facendo constar que estarán integradas por un compoñente de cada grupo político municipal ademais da presidencia que recaerá na alcaldía, que a súa vez poderá delegala en calquera dos membros da comisión:

Comisión informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio.

Comisión informativa de Urbanismo.

Comisión informativa de Asuntos Xerais.

A adscrición concreta a cada comisión en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do/a voceiro/a correspondente dirixido á alcaldía do que se dará conta ao Pleno na seguinte sesión.”

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que as comisións informativas deberían estar mais especializadas e existir outras, cunha maior disgregación das materias.

O **Sr. Presidente** sinalou que, ao longo do mandato, se podían crear mais comisións, alegando entón a anterior concelleira interveniente, que podía modificarse a proposta agora, ao que respondeu en sentido negativo o **Sr. Presidente**, indicando que debería estudarse detidamente a posibilidade de existencia de mais comisións.

Ao non producirse máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que,

por unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.-----

8º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS. O Sr. Secretario deu lectura á seguinte **proposta da Alcaldía:**

“DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS.

De conformidade co que establece o art. 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, propoño o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

*** Nomear como representante do Concello de Sanxenxo a D. JAIME LEIRO OTERO nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:**

- CEIP NANTES.
- IES SANXENXO.

***Nomear como representante do Concello de Sanxenxo Dª MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:**

- IES VILALONGA.
- CEIP PLURILINGÜE CRUCEIRO-VILALONGA.
- CEIP PORTONOVO.

***Nomear como representante do Concello de Sanxenxo a D. DANIEL AROSA DASILVA nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:**

- CEIP A FLORIDA.
- CEIP NOALLA.
- CEIP DORRÓN.””

A Sra Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalou que existía un erro na proposta, dado que o representante no Consello Escolar do CEIP Dorrón era ela mesma e non o Sr. Arosa Dasilva, sinalando o Sr. Presidente que se procedería a modificar a proposta no sentido reflectido pola anterior concelleira interveniente.

Ao non producirse mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación, coa modificación antes sinalada acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

* Nomear como **representante do Concello de Sanxenxo a D. JAIME LEIRO OTERO** nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:

- CEIP NANTES.
- IES SANXENXO.

*Nomear como **representante do Concello de Sanxenxo D^a MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ** nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:

- IES VILALONGA.
- CEIP PLURILINGÜE CRUCEIRO-VILALONGA.
- CEIP PORTONOVO.
- CEIP DORRÓN.

*Nomear como **representante do Concello de Sanxenxo a D. DANIEL AROSA DASILVA** nos consellos escolares dos centros que a continuación se citan:

- CEIP A FLORIDA.
- CEIP NOALLA.”””-----

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA MESA LOCAL DE COMERCIO. O Sr. Secretario deu lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“Segundo a Lei do Comercio Interior de Galicia, procede designar aos representantes do concello na Mesa Local de Comercio do Concello de Sanxenxo. A estes efectos cómpre resaltar que o artigo 21 da devandita lei sinala que deberán formar parte da citada Mesa tantos representantes do concello como das diversas asociacións locais de comerciantes e de persoas consumidoras. Tendo en conta que formarán parte desta Mesa 4 membros das diversas asociacións e coa idea de incluír no organismo aos concelleiros/as delegados/as que máis relación poidan ter co sector, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

** Designar como **representantes do Concello de Sanxenxo na Mesa Local de Comercio a D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. JAIME LEIRO OTERO, D^a PAULA MARTÍNEZ SANTOS E D^a AINHOA FERVENZA CELESTINO**”.

A Sra. **Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, resaltou o primeiro incumprimento do Sr. Martín González, respecto do sinalado na sesión constitutiva da Corporación sobre a súa invitación a participar á oposición, posto que, á hora de asignar postos nos distintos organismos e empresas municipais, prescindíuse case totalmente da oposición e, completamente, da interveniente, lamentándose tamén da falta de talante do Sr. Presidente, que nin sequera a chamou para comunicarlle as súas decisións.

A **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que na composición dos consellos de administración das tres empresas municipais estaba a oposición, concretamente un membro dun grupo municipal en cada unha delas, se ben en “Nauta Sanxenxo”, na que está un concelleiro do Grupo Mixto, designouse ao Sr. Sueiro Méndez, que obtivo mais votos nas eleccións que a Sra. Rodríguez Búa, lembrando que a anterior interveniente formaba parte do goberno municipal do 2015 que, aínda que o Partido Popular foi o mais votado, o excluiu do Consello de Administración de “Nauta Sanxenxo” e, o mesmo, en “Terra Sanxenxo”.

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que eles non prometeron unha cousa e fixeron outra, tal e como pasou co alcalde nesta ocasión, matizando que se lle excluía porque resultaba unha persoa molesta nos diversos organismos municipais.

A **Sra. Deza Martínez** reiterou que a oposición está en todas as empresas municipais e que no seu día, tanto a ela como ao Sr. Guisasaola Padín, negouse información en “Nauta Sanxenxo”, a pesar de estar na Xunta Xeral, dado que non formaban parte do Consello de Administración, engadindo que o certo é que no Grupo Municipal Mixto, o que obtivo mais votos, é o Sr. Sueiro Méndez e, por iso, está no Consello de Administración de “Nauta Sanxenxo”.

Non se producen mais intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA COMPETENCIA PLENARIA PARA AUTORIZACIÓNS DE CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS CONCESIÓNS DEMANIAIS DOS POSTOS FIXOS DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da **Alcaldía:**

“DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA COMPETENCIA PLENARIA PARA AUTORIZACIONES DE CAMBIOS DE TITULARIDADE DAS CONCESIÓNS DEMANIAIS DOS POSTOS FIXOS DOS MERCADOS MUNICIPAIS DE ABASTOS.

Á busca da axilidade administrativa é un obxectivo fundamental de calquera administración pública interesada en prestar un servizo eficiente aos veciños, por tal motivo propoño ao concello pleno a adopción do seguinte acordo:

-Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia plenaria para autorización de cambios de titularidade das concesións demaniais dos postos fixos dos mercados municipais de abastos””.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, anunciou a súa abstención neste punto, dado que non estaba a favor de calqueira delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno.

A **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, matizou que esta delegación viña realizándose en todas as corporacións.

Ao non producirse intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.-----

11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS A CARGOS DO CONCELLO, ASÍ COMO DE FIXACIÓN DE INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA ÁS SESIÓN DE ÓRGANOS COLEXIADOS. O Sr. Secretario deu lectura á seguinte **proposta da Alcaldía**:

“O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local permite que os membros das corporacións locais poidan percibir retribucións tanto en réxime de dedicación exclusiva como de dedicación parcial, fixando un número máximo de concelleiros que poidan dispor de dedicación exclusiva, concretamente neste concello o número de 7, así como unha limitación económica do importe a percibir polos concelleiros que dispoñan de calquera deses dous réximes de retribucións.

Tendo en conta as limitacións sinaladas e a distribución de delegacións entre as diversas concellerías, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: fixar o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais para os cargos da corporación que tamén se mencionan, con efectos do **01 de xullo de 2019**:

CARGO/CONCELLERÍA	TIPO DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAL
Alcaldía	Dedicación parcial	48.600 € (en 12 pagas)
Concellería de planificación territorial e infraestruturas.	Dedicación parcial	22.600 € (en 12 pagas)
Concellería de medio ambiente.	Dedicación parcial	22.600 € (en 12 pagas)
Concellería de educación e cultura.	Dedicación parcial	22.600 € (en 12 pagas)
Concellería de economía e persoal.	Dedicación parcial.	22.600 € (en 12 pagas)
Concellería de urbanismo.	Dedicación exclusiva	30.600€ (en 14 pagas)

Concellería de obras e servizos.	Dedicación exclusiva	30.600€ (en 14 pagas)
Concellería de servizos sociais, deportes e xuventude.	Dedicación exclusiva	30.600€ (en 14 pagas)
Concellería de tráfico e seguridade cidadá.	Dedicación parcial	22.600€ (en 12 pagas)
Concellería de facenda.	Dedicación parcial	22.600 € (en 12 pagas)

As dedicacións parciais suporán un réxime de dedicación mínima de 20 horas semanais.

SEGUNDO: para a aplicación do réxime de dedicacións exclusivas ou parciais será necesaria a aceptación expresa do membro da corporación que desempeñe ese cargo, circunstancia da que se dará conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria.

TERCEIRO: fixar a contía da indemnización por asistencia a sesións do Pleno en 190,00€ e comisións informativas en 95,00€ por asistencia de cada concelleiro/a que non teña asignada unha dedicación exclusiva ou parcial.

CUARTO: as retribucións correspondentes ao punto primeiro deste acordo anualmente se incrementarán ou diminuirán en función do disposto nos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público.

QUINTO: publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos da casa consistorial.””

A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, indicou que estaba a favor de que os políticos debían estar retribuídos, pero éste non é momento para estas subidas, preguntando que, dado que todos os concelleiros/as do Grupo Popular ían ser retribuídos, se obtivesen 15 concelleiros/as, serían tamén todos retribuídos, aludindo a que, agora que a Concellería de Urbanismo estaba dividida, cunha dedicación parcial e outra exclusiva, cando antes só existía unha, cunha dedicación parcial, moito terían que traballar para xustificar este incremento.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, resaltou que crían na dignificación da política e que o traballo e a responsabilidade debían estar retribuídos, sempre de acordo coa problemática económica do concello e, con esta proposta, hai que realizar unha modificación de créditos para poder pagar os soldo. Centrándose no salario do alcalde, que tivo unha subida de 18.600 euros, indicou que mais do 70% dos veciños/as de Sanxenxo, teñen un salario inferior ao que se lle subía ao alcalde agora. Tamén chama a atención o incremento salarial do gabinete da alcaldía, posto que un posto pasa de 25.400 a 28.600 e outro de 21.600 a 32.600 euros, un incremento anual de 14.800 euros, engadindo que o importe da subida retributiva, con respecto á anterior corporación, para a totalidade dos 4 anos, no que respecta ao goberno e gabinete, é de case 200.000 euros, ata o punto de que no informe de intervención indica que se terán que utilizar cartos de postos de persoal pendente de xubilación para poder pagar estas subidas, con respecto ao presupostado nos orzamentos aprobados polo propio Partido Popular, polo que se aproveitan da precariedade na que estivo o concello, polo plan de axuste que foi culpa do Partido Popular, para subir as retribucións, polo que o esforzo fano os veciños e veciñas de Sanxenxo e o goberno sóbese os salarios, anunciando o seu voto en contra da proposta.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, precisou respecto do dito pola anterior interveniente, que se se comparasen as cantidades respecto do que se cobraba fai 15 días, débese engadir un incremento de 100.000 euros, tendo o presuposto que modificarse, sacando o diñeiro da súa propia irresponsabilidade, consecuencia de non poder cubrir determinadas prazas polo plan de axuste, do que se aproveitan para remunerarse máis, matizando que cando fala en plural o realiza en nome dos compañeiros do seu partido político, non do grupo político e engadindo que votaría en contra da proposta.

O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que votaría en contra da proposta, lembrando que no anterior goberno municipal, o “SAL” propuxo unha rebaixa do soldo corporativo dun 30%, a pesar de que había outros grupos políticos no goberno que se opoñían a tal medida, situación que se mantivo posteriormente no bipartito, manifestando que, por coherencia, aínda estando de acordo en que os políticos deben estar retribuídos e coa dignificación da política, non era momento para subir os soldos e menos, como se fai, con carácter lineal para todos.

A **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, lembrou que no anterior goberno municipal tres concelleiros do Grupo Popular do goberno non cobraron, co que se responde ao preguntado pola voceira do Grupo Socialista respecto ao que sucedería se houbo 15 concelleiros/as do Grupo Popular, xa que anteriormente xa houbo concelleiros de este grupo no goberno municipal que non percibiron retribución. Con respecto ao sinalado pola mesma concelleira respecto das dedicacións das concellerías en que se dividía a materia urbanística, lembrou que no anterior goberno, a Concellería de Infraestruturas, que tiña competencias na área que agora asumirá a interveniente como Concelleira de Planificación Territorial, tamén tiña unha dedicación exclusiva, polo que existían igualmente dúas retribucións, unha parcial e outra exclusiva. A concelleira interveniente puntualizou que tan só utilizaríanse os remanentes de prazas de persoal non cubertas ao longo do primeiro semestre deste ano e, posteriormente, os postos, iríanse cubrindo, alegando que a subida para as dedicacións foi de 1.000 euros anuais, agás a do alcalde, que con respecto a existente fai catro anos, tan só supón un incremento de 10.000 euros, sendo a dedicación do alcalde absoluta e total, como os propios veciños coñecen e ratificaron nas últimas eleccións. A interveniente tamén alegou que o plan de axuste non impedía cubrir as prazas vacantes, senón xerar novos postos de traballo, que a rebaixa do “SAL”, cando encabezou o goberno non foi dun 30%, senón dun 13%, que tan só utilizaban tres dedicacións exclusivas, das sete que lle permitía a lei, que tamén debería computarse o aforro que no seu día supuxeron os tres concelleiros no goberno que non percibían remuneracións e, finalmente, que a alcaldía, tendo un teito de 54.000 euros, retribúese por debaixo desa cantidade.

A **Sra. Fernández Agraso** precisou á anterior interveniente que o plan de axuste non permitiu cubrir xubilacións ata o ano 2017 e que, en todo caso, cando se presuposten estas cantidades, sairán do orzamento e, polo tanto, dos veciños, polo que esta subida de 200.000 euros, supoñerá que haberá menos para o servizo aos cidadáns. Ao Sr. Sueiro Méndez indicoulle que “SAL” non impuxo a baixada a ninguén e que, posteriormente, cando seguiron no goberno municipal co bipartito, puideron realizar novas baixadas e non o fixeron, senón todo o contrario, finalizando a súa intervención para sinalar que o incremento da retribución da alcaldía é de 30.000 a 48.600 euros, supoñendo un aumento total, incluíndo o gabinete, de 400.000 euros aproximadamente.

A **Sra. Rodríguez Búa**, aludiu a que a subida debía calcularse en comparación as retribucións do goberno saínte, ascendendo a un total de 111.850 euros e tamén indicou que as prazas vacantes non se podían cubrir como consecuencia do plan de axuste, esperando que se fosen cubrindo dado que era necesario.

A **Sra. Deza Martínez** matizou que no anterior goberno municipal tres concelleiros non cobraron nada e iso debía computarse como un aforro, así como que as dedicacións parciais eran sobre o papel, xa que a realidade era outra. A interveniente sorprendeuse de que por parte da oposición non se comentase nada sobre a subida da asistencia a plenos e comisións, tal vez porque lles repercutía, lembrando que algún concelleiro do goberno cuatripartito viña ao concello soamente de 8 a 10 horas semanais, poidéndose comparar coa dedicación dos corporativos do seguinte goberno, engandindo que a subida de 1.000 euros anuais quedaba a disposición dos corporativos pensar se era significativa ou non.

A **Sra. Fervenza Celestino** non entendía porque nos primeiros plenos tiñan que discutirse sempre estas cuestións, cando tiña que estar todo totalmente lexislado e así non terían que celebrarse estes debates.

O **Sr. Presidente** sinalou que como consecuencia de ter Sanxenxo oficialmente menos de 20.000 habitantes, só podía ter un máximo de 2 traballadores eventuais, cando outros concellos con mais habitantes, pero moito menos orzamento, podían dispor de ata 7 persoas, algo que deberá cambiarse.

A **Sra. Fernández Agraso** indicoulle á voceira do Grupo Socialista que agora que se atopa este partido no goberno estatal, tiña 4 anos para lexislar, precisando respecto do seu traballo que cada céntimo que cobrou estaba totalmente xustificado, polo que non se sentía aludida polo manifestado pola Sra. Deza Martínez e que as críticas súas foron moi claras e precisas, sen entrar sobre se a subida de 1.000 euros era moito ou pouco

O **Sr. Interventor** indicou que fiscalizou a proposta da alcaldía de fixación das retribucións dos cargos políticos, no sentido de que o déficit de consignación debería dotarse con cargo aos aforros obtidos polas prazas vacantes non cubertas no primeiro semestre de 2019, sen prexuízo doutras medidas de xestión orzamentaria. Respecto das indemnizacións por asistencias a sesións, precisou que van a existir transitoriamente unhas discrepancias co que dispón as bases de execución dos orzamentos, polo que terá que modificarse o presuposto para adaptalo a este acordo.

O **Sr. Presidente** preguntou se a modificación do presuposto se refire só a indemnización por asistencias, contestando positivamente o Sr. Interventor.

Ao non producirse mais intervencións o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

Votos en **contra: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

Votos pola **Abstención: 3 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

12º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERSOAL EVENTUAL. O Sr. Secretario dá lectura á seguinte proposta da **Alcaldía:**

“Postos de traballo de persoal eventual:

Analizadas as necesidades do persoal eventual do concello, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

** Fixar os seguintes postos de traballo de persoal eventual coas retribucións anuais que tamén se indican:

POSTO DE TRABALLO	RETRIBUCIÓN ANUAL
Xefe/a de gabinete	32.600 € (a percibir en 14 pagas)
Xefe/a de prensa	28.600 € (a percibir en 14 pagas)

As retribucións anteriores modificaranse anualmente en función das premisas que se conteñan nos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público.

O nomeamento e cese das persoas que ocupan estes postos é libre e corresponde á alcaldía, debendo publicarse o seu nomeamento, co seu réxime retributivo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da casa consistorial.””

Non se producen intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

Votos en **contra: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).**

Votos pola **Abstención: 4 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, aprobou a proposta nos termos antes transcritos.**-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**